

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, membros do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á coherencia da anunciada fusión dos concellos de Cotobade e Cerdedo.

O anuncio preelectoral da fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade nos lembra os escasos avances acadados no setenio de goberno Núñez Feijóo.

Logo da realización da primeira fusión de Oza – Cesuras, a dirección xeral de administración local avanzara que tiña estudos avanzados para novas fusións municipais. Dende entón non se coñecen nen se fixeron públicos tales estudos, que en rigor deberían fundar a reflexión racional sobre esa política de reunión de diversos concellos.

O anuncio realizado agora sobre os concellos de Cotobade e Cerdedo cómpre sinalar que afecta a concellos que pertencen a dúas comarcas diferentes, a de Pontevedra e Tabeirós – Tera de Montes de xeito respectivo.

Aprobara a Xunta de Galicia polo decreto 65/1997, do 20 de febreiro, o mapa comarcal de Galicia. Segundo este documento os concellos que onte anunciaron a súa fusión pertencen a dúas comarcas distintas. O anuncio evidencia a inanidade daquel mapa, demostrada ao longo deste anos de parálise no que atinxe á organización comarcal do país, e agora tamén a súa incoherencia.

Doutra banda, aínda a día de hoxe, a Xunta non desenvolveu regulamentariamente o fondo de axuda para fusións.

Todo elo sen que a Xunta teña avanzado cal é a súa postura sobre o novo modelo de financiamento local, xenuína clave de bóveda dunha suficiente e reequilibradora no eido territorial prestación de servizos públicos; ou cunha Xunta claramente favorable a ese ente aillado da elección popular e polo tanto humus propicio de clientelismos e mesmo corrupcións como son as deputacións.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Que dificultades superáronse no proceso para chegar o anuncio do acordo?
- Hai algún documento realizado polos concellos e a Xunta que estude as avantaxes desta anunciada fusión? De ser o caso, vaino facer público?
- Cal é a coherencia que outorga a Xunta a esta fusión en relación co mapa comarcal aprobado pola Xunta?
- Que función atribúelle a Xunta ás comarcas galegas?
- Que estudos realizou a Xunta de Galicia para fundamentar as avantaxes do proceso de fusións que defende de xeito público?
- Cal é a previsión temporal que manexa a Xunta para aprobar o desenvolvemento regulamentario do fondo que pula polas fusións de concellos?
- Ten realizado a Xunta de Galicia algún estudo avaliativo da outra fusión realizada nestes anos?

En Compostela, a 26 de febreiro do 2016.

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/02/2016 12:38:20

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/02/2016 12:38:27

Eva Solla Fernández na data 26/02/2016 12:38:29

Anton Sánchez García na data 26/02/2016 12:38:33

Ramón Vázquez Díaz na data 26/02/2016 12:38:35

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 26/02/2016 12:38:37